

Addenda ao convenio de colaboración asinado entre a Xunta de Galicia, o Concello de Nigrán, e a UTE ASISTENCIA TÉCNICA MATURO, S.L.; EMPRESA RAÚL, S.A.; AUTOCARES FADISTA, S.L.U.; SUBÚS GRUPO DE TRANSPORTE, S.L.U.; SECC. AUTOMÓVIL, S.L.; ÁNGEL MARIANO MOLLA, S.A. E AUTOBUSES DEL TRIÁNGULO, S.L., con data 29 de setembro de 2022, para a implantación dun servizo de interese municipal (SIMU)

REUNIDOS:

Dona Judit Fontela Baró, directora xeral de mobilidade da Consellería de Presidencia, Xustiza e Deportes, en representación da devandita Consellería, actuando por delegación do conselleiro de Presidencia, Xustiza e Deportes, consonte co establecido no Decreto 136/2024, de 20 de maio, polo que se establece a estrutura orgánica da Consellería de Presidencia, Xustiza e Deportes, en relación coa Orde de 12 de xuño de 2024 sobre delegación de competencias na Secretaría Xeral Técnica e noutros órganos desta consellería (DOG Núm. 117, do 18 de xuño).

Don Juan Antonio González Pérez, alcalde do Concello de Nigrán, no nome e representación do indicado concello.

Don Antonio Arias Paredes, provisto do NIF nº 10.599.174 S, actuando en nome e representación da UTE Subus Grupo De Transporte, S.L.U., Automóviles La Alcoyana, S.A. Lugove 5, Unión Temporal De Empresas Ley 18/1982" "UTE LUGOVE 5" con base en Polígono As Granxas Parcela 3-4. CP 36475 O Porriño, Pontevedra.

As partes recoñécense competencia no concepto no que respectivamente interveñen e con capacidade legal para formalizar esta addenda, e para ese efecto

EXPOÑEN:

I. As políticas públicas de mobilidade que pretenden a redución no uso do vehículo particular, teñen como premisa esencial a potenciación do transporte público como principal alternativa sostible que satisfaga as necesidades de desprazamento da cidadanía. Asemade, a garantía da mobilidade da poboación dentro dos propios concellos considérase como un elemento de contribución para o crecemento e desenvolvemento da





economía local axudando á xeración do emprego e garantindo a sustentabilidade da comunidade.

Nesta liña, constatouse unha necesidade de mobilidade colectiva dentro do concello de Nigrán polo que cumpría reforzar a oferta de servizos que xa presta o actual sistema de transporte público de viaxeiros por estrada. Así, co fin de ofertar un transporte público de viaxeiros que conecte diversos puntos do propio concello e, ao mesmo tempo, sirva de ligazón cos servizos de transporte regular de viaxeiros de uso xeral que se veñen prestando na actualidade, o 29 de setembro de 2022 foi asinado un Convenio de colaboración para a implantación dun servizo de interese municipal no Concello de Nigrán e a súa integración no sistema de transporte público de Galicia.

II. O Concello de Nigrán, unha vez concertado e posto en marcha o novo servizo, constatou a necesidade de potenciar e ampliar o SIMU implantado de cara a atender unha nova demanda de mobilidade xerada trala apertura dun centro comercial no parque empresarial Porto do Molle.

Como instrumento para resolver de maneira eficaz as necesidades descritas, as partes asinantes formalizaron con data 1 de decembro de 2023 unha addenda ao convenio, incorporando a prolongación da liña SIMU existente (Chandebrito-Panxón) dende Panxón ata a parroquia de Priegue no Concello de Nigrán.

III. Posteriormente, o Concello de Nigrán, constatou a necesidade de establecer un servizo de transporte público en tempada estival para atender a afluencia de público ás praias do concello, reducindo desta forma o tráfico rodado que se xera durante a época estival ás praias de Panxón e Praia América.

Este servizo xustifícase pola necesidade de promover unha mobilidade co menor impacto ambiental posible nestes espazos naturais. Pola experiencia dos anos anteriores, durante as fins de semana e os días festivos, xéranse na zona incrementos de tráfico en vehículos privados que conxestionan as vías de acceso, polo que é de interese do Concello evitar estes efectos negativos para o medio ambiente e para a vida normal dos veciños do Concello, ofrecendo un servizo de transporte público de calidade.



IV. O conflito armado provocado pola invasión de Ucraína, provocou un progresivo incremento de diferentes partidas de prezos, apuntando inicialmente ás de combustibles e enerxía. Posteriormente, produciuse unha alza xeneralizada noutras partidas de custos vinculadas directamente cos servizos públicos de transporte, tales como outros consumibles, a urea, os custos de adquisición de novo material móbil ou os custos financeiros, entre outros.

Este incremento dos prezos en múltiples compoñentes da estrutura de custos dos servizos públicos de transporte xustifica a necesidade de revisar os conceptos que figuran nos custos de explotación da liña SIMU existente, coa conseguinte actualización do importe da achega que corresponde efectuar ao Concello.

V. A cláusula Oitava do dito Convenio establece que o Convenio poderá ser obxecto de modificación por mutuo acordo das partes asinantes, mediante a formalización da correspondente addenda segundo o procedemento legalmente establecido.

VI. Consonte coa cláusula Cuarta do dito Convenio, o Concello de Nigrán comprométese a transferir á Consellería de Presidencia, Xustiza e Deportes a diferenza resultante entre as achegas xa abonadas correspondentes ao exercicio 2025 —segundo o recollido no Anexo III da primeira Addenda ao convenio formalizada o 1 de decembro de 2023— e as previstas nesta Addenda. Dita transferencia realizarase no prazo dun mes contado desde o día seguinte á sinatura da presente addenda.

De conformidade con todo o exposto, é vontade das partes relacionadas no encabezamento que o Convenio do 29 de setembro de 2022 manteña a súa vixencia na totalidade das súas cláusulas, incorporando o novo servizo e a actualización dos custos de explotación da liña SIMU existente e, en consecuencia,





ACORDAN

Subscribir esta Addenda ao convenio citado, coa finalidade de incorporar un servizo de transporte público en tempada estival para atender a afluencia de público ás praias de Panxón e Praia América, no Concello de Nigrán, así como de actualizar os custos de explotación da liña SIMU existente, modificándose os Anexos I, II e III do Convenio do 29 de setembro de 2022 de conformidade co recollido no **Anexo da presente addenda**.

E para que conste, en proba de conformidade, os comparecentes asinan electronicamente esta addenda.

A directora xeral de Mobilidade

O alcalde do Concello de Nigrán

Judit Fontela Baró

(PD Orde do 12.06.2024, DOG núm. Juan Antonio González Pérez
117)

Pola empresa

Antonio Arias Paredes



ANEXO I: CARACTERÍSTICAS DO SERVIZO

Código de ruta	Nome da ruta	Sentido	Frecuencia semanal	Tipo días	Tempada anual	Hora saída	Hora chegada	Expedición a demanda	Integrada
XG88307501	Nigrán: Chandebrito-Nigrán-Priegue	Ida	LMMcXV	Non festivos	12Mes_Anual	07:45	08:40	Non	Non
XG88307501	Nigrán: Chandebrito-Nigrán-Priegue	Ida	LMMcXV	Non festivos	12Mes_Anual	12:45	13:40	Non	Non
XG88307501	Nigrán: Chandebrito-Nigrán-Priegue	Ida	LMMcXV	Non festivos	12Mes_Anual	16:15	17:10	Non	Non
XG88307501	Nigrán: Chandebrito-Nigrán-Priegue	Vuelta	LMMcXV	Non festivos	12Mes_Anual	10:20	11:15	Non	Non
XG88307501	Nigrán: Chandebrito-Nigrán-Priegue	Vuelta	LMMcXV	Non festivos	12Mes_Anual	14:15	15:10	Non	Non
XG88307501	Nigrán: Chandebrito-Nigrán-Priegue	Vuelta	LMMcXV	Non festivos	12Mes_Anual	20:30	21:25	Non	Non

Código de ruta	Nome da ruta	Sentido	Frecuencia semanal	Tipo días	Tempada anual	Hora saída	Hora chegada	Expedición a demanda	Integrada
XG88307701	Porto do Molle - Praia América	Ida	SD	Todos	2Mes_Xullo_Agosto	12:00	12:25	Non	Non
XG88307701	Porto do Molle - Praia América	Ida	SD	Todos	2Mes_Xullo_Agosto	12:25	12:50	Non	Non
XG88307701	Porto do Molle - Praia América	Ida	SD	Todos	2Mes_Xullo_Agosto	14:20	14:45	Non	Non
XG88307701	Porto do Molle - Praia América	Ida	SD	Todos	2Mes_Xullo_Agosto	14:45	15:10	Non	Non
XG88307701	Porto do Molle - Praia América	Ida	SD	Todos	2Mes_Xullo_Agosto	15:10	15:35	Non	Non
XG88307701	Porto do Molle - Praia América	Ida	SD	Todos	2Mes_Xullo_Agosto	15:35	16:00	Non	Non
XG88307701	Porto do Molle - Praia América	Ida	SD	Todos	2Mes_Xullo_Agosto	16:00	16:25	Non	Non
XG88307701	Porto do Molle - Praia América	Ida	SD	Todos	2Mes_Xullo_Agosto	16:25	16:50	Non	Non
XG88307701	Porto do Molle - Praia América	Ida	SD	Todos	2Mes_Xullo_Agosto	17:20	17:45	Non	Non
XG88307701	Porto do Molle - Praia América	Ida	SD	Todos	2Mes_Xullo_Agosto	17:45	18:10	Non	Non
XG88307701	Porto do Molle - Praia América	Ida	SD	Todos	2Mes_Xullo_Agosto	18:10	18:35	Non	Non





Código de ruta	Nome da ruta	Sentido	Frecuencia semanal	Tipo días	Tempada anual	Hora saída	Hora chegada	Expedición a demanda	Integrada
XG88307701	Porto do Molle - Praia América	Ida	SD	Todos	2Mes_Xullo_Agosto	18:35	19:00	Non	Non
XG88307701	Porto do Molle - Praia América	Ida	SD	Todos	2Mes_Xullo_Agosto	19:00	19:25	Non	Non
XG88307701	Porto do Molle - Praia América	Ida	SD	Todos	2Mes_Xullo_Agosto	19:25	19:50	Non	Non
XG88307701	Porto do Molle - Praia América	Ida	SD	Todos	2Mes_Xullo_Agosto	19:50	20:15	Non	Non
XG88307701	Porto do Molle - Praia América	Ida	SD	Todos	2Mes_Xullo_Agosto	20:15	20:40	Non	Non
XG88307701	Porto do Molle - Praia América	Ida	LMMcXV	Festivos	2Mes_Xullo_Agosto	12:00	12:25	Non	Non
XG88307701	Porto do Molle - Praia América	Ida	LMMcXV	Festivos	2Mes_Xullo_Agosto	12:25	12:50	Non	Non
XG88307701	Porto do Molle - Praia América	Ida	LMMcXV	Festivos	2Mes_Xullo_Agosto	14:20	14:45	Non	Non
XG88307701	Porto do Molle - Praia América	Ida	LMMcXV	Festivos	2Mes_Xullo_Agosto	14:45	15:10	Non	Non
XG88307701	Porto do Molle - Praia América	Ida	LMMcXV	Festivos	2Mes_Xullo_Agosto	15:10	15:35	Non	Non
XG88307701	Porto do Molle - Praia América	Ida	LMMcXV	Festivos	2Mes_Xullo_Agosto	15:35	16:00	Non	Non
XG88307701	Porto do Molle - Praia América	Ida	LMMcXV	Festivos	2Mes_Xullo_Agosto	16:00	16:25	Non	Non
XG88307701	Porto do Molle - Praia América	Ida	LMMcXV	Festivos	2Mes_Xullo_Agosto	16:25	16:50	Non	Non
XG88307701	Porto do Molle - Praia América	Ida	LMMcXV	Festivos	2Mes_Xullo_Agosto	17:20	17:45	Non	Non
XG88307701	Porto do Molle - Praia América	Ida	LMMcXV	Festivos	2Mes_Xullo_Agosto	17:45	18:10	Non	Non
XG88307701	Porto do Molle - Praia América	Ida	LMMcXV	Festivos	2Mes_Xullo_Agosto	18:10	18:35	Non	Non
XG88307701	Porto do Molle - Praia América	Ida	LMMcXV	Festivos	2Mes_Xullo_Agosto	18:35	19:00	Non	Non
XG88307701	Porto do Molle - Praia América	Ida	LMMcXV	Festivos	2Mes_Xullo_Agosto	19:00	19:25	Non	Non
XG88307701	Porto do Molle - Praia América	Ida	LMMcXV	Festivos	2Mes_Xullo_Agosto	19:25	19:50	Non	Non
XG88307701	Porto do Molle - Praia América	Ida	LMMcXV	Festivos	2Mes_Xullo_Agosto	19:50	20:15	Non	Non
XG88307701	Porto do Molle - Praia América	Ida	LMMcXV	Festivos	2Mes_Xullo_Agosto	20:15	20:40	Non	Non



ANEXO II: CÁLCULO DO CUSTO E ESTIMACIÓN DO DÉFICIT DE EXPLOTACIÓN DO SERVIZO

ESTIMACIÓN DE INGRESOS	
Previsión de viaxeiros	Total
Viaxeiros anuais	2.406
Previsión de ingresos	Total
Recadación por viaxeiro	1,29€
TOTAL INGRESOS ANUAIS PREVISTOS	3.100 €

ESTIMACIÓN DÉFICIT		
Variable	Mes	Total anual
Custo do SIMU inicial ^(*) (a1)	7.384,76 €	88.617,08 €
Custo da modificación 1 ^(*) (a2)	277,82 €	3.333,83 €
Custo da modificación 2 ^(*) (a3)	3.152,65 €	37.831,81 €
TOTAL CUSTO (a1+a2+a3)	10.815,23 €	129.782,72 €
Ingresos (b)	258,33 €	3.100,00 €
DÉFICIT (c)=(b)-(a1+a2+a3)	-10.556,89 €	-126.682,72 €

(*) Importe concertado entre o concello promotor e a empresa concesionaria participante.





ANEXO III: IMPORTE DA ACHEGA QUE CORRESPONDE EFECTUAR AO CONCELLO COMO CONSECUCENCIA DA MODIFICACIÓN

EXERCICIO (*)	MESES CONVENIO	MESES MODIFICACIÓN 1	MESES MODIFICACIÓN 2	IMPORTE INICIAL	IMPORTE MODIFICACIÓN 1	IMPORTE MODIFICACIÓN 2	IMPORTE TOTAL
2022	7	0	0	51.693,32 €	0,00 €	0,00 €	51.693,32 €
2023	12	8	0	88.617,12 €	2.222,56 €	0,00 €	90.839,68 €
2024	12	12	0	88.617,12 €	3.333,84 €	0,00 €	91.950,96 €
2025	12	12	6	88.617,12 €	3.333,84 €	18.915,88 €	110.866,84 €
2026	3	3	3	22.154,28 €	833,46 €	9.457,94 €	32.445,68 €
Total				339.698,96 €	9.723,70 €	28.373,82 €	377.796,48 €

(*) Exercicios coincidentes cos indicados no anexo III do convenio de colaboración. A suma de meses do primeiro e, se é o caso, quinto exercicio, será igual ou menor a 12.

